



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE SAN AMARO, PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO FERRADAL EN SAN AMARO (OURENSE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,
DECLARA:

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE e o CONCELLO DE SAN AMARO (Ourense) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de decembro de 2019 ao 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de San Amaro para a realización das obras de construción dun campo de fútbol de herba artificial no Ferradal en San Amaro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I_ A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

II_ O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

III_ O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, a promoción e execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.





IV_O marco da lexislación básica de réxime local, establecida pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a competencia xenérica dos concellos en, entre outros ámbitos, os das actividades e instalacións deportivas (artigo 80.2 letra n), sinalando, a mesma norma, que é competencia propia da Deputación Provincial, entre outras, “coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia (...)”: artigo 109.1 letra a).

Que en base e para o exercicio destas previsións e habilitacións legais, as Administracións signatarias, conscientes da ineludible necesidade de continuar traballando para a mellora da práctica deportiva na provincia de Ourense, satisfacendo así a demanda social existente, acordan subscribir o presente Convenio que, en exercicio das competencias atribuídas a cada unha das partes, se suxeitará ás seguintes.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia deste concello para a promoción do deporte en toda a comarca que comprende, sendo unha actuación imprescindible para continuar co uso da instalación xa que na actualidade se atopa en estado insuficiente. Desta circunstancia derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela en decembro de 2019

